





LETRAS GALEGAS 2011




LOIS PEREIRO (1958-1996)



Lois Sánchez Pereiro, máis coñecido por Lois Pereiro, naceu en Monforte de Lemos (Lugo), o 16 de febreiro de 1958 e morreu na Coruña, en 1996.

Despois de facer os estudos elementais en Monforte marchou, con dezasete anos, a Madrid a estudar na universidade a carreira de Socioloxía, aínda que, sen que rematase o primeiro trimestre, voltou de novo a Monforte para traballar na cristalería familiar.



Ao ano seguinte regresou a Madrid para estudar na Escola Oficial de Idiomas, francés, inglés e alemán. Durante este tempo participa na elaboración da revista *Loia*, xunto co seu irmán Xosé Manuel, Manolo Rivas, Antón Patiño e outros galegos afincados en Madrid.

Desta revista só se editaron catro números e todos eles realizados con fotocopias.

No ano 1981, xa con graves problemas de saúde por mor da intoxicación con aceite de colza adulterado, regresa definitivamente a Galicia, onde colabora en varias antoloxías poéticas *De amor e desamor* (1984 e 1985) e tamén na revista *Luzes de Galicia*, onde publicará oito capítulos dunha novela que deixará sen rematar: *Náufragos do paradiso*.



Lois Pereiro, á dereita, co seu irmán Xosé Manuel, nunha foto escolar en Monforte de Lemos. Arquivo familiar Sánchez Pereiro.

Publicou, en vida, dous libros: *Poemas, 1981/1991* e *Poesía última de amor e enfermidade, 1992-1995*.

No seu libro póstumo *Poemas para unha Loia*, recóllense versos escritos durante a súa estada madrileña e que foran publicados na revista *Loia* e tamén a súa obra *Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia*.

POEMA A ÁNXEL FOLE

E líquidos telúricos, a terra
que se soña a si mesma e se fai
lenda.

O murmurio invernal
o vran no voo das vésporas ó sol
e o lume coa viciosa liturxia do candil
sombras letais
na quente perspectiva das lareiras
cerimonia das intrigas da infancia.
Algo para crer algo
auto de fe.

Terra e máis terra brava
brava mais maina e cruel
violenta, visceral,
secreta, infame, inmemorial,
amada, fole, a terra
anxel, fole e a morte
a morte anxel a morte
en ti
the end.

Lois Pereiro



En Valdeorras, Ourense, no verán de 1975. Arquivo familiar Sánchez Pereiro.